



PLAN DIXITAL

CEIP SARREAUS

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para o análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1.Introdución

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro educativo: CEIP SARREAUS

Localización: Bispo Idacio Nº 6. CP 32631- SARREAUS (Ourense)

Correo corporativo: ceip.sarreaus@edu.xunta.gal

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsarreaus/>

Etapas Educativas:

Educación Infantil. Nº unidades 1. Nº alumnado 9 (2021/2022)

Nº alumnado 14 (2022/2023)

Educación Primaria. Nº Unidades 1. Aula mixta. Nº alumnado 10 (2021/2022)

Nº alumnado 12(2022/2023)

Persoal Docente- Profesorado

Persoal interino: 3

1 especialista en Lingua Estranxeira (inglés) e Mestra responsable do centro xa que é menor de 3 unidades.

1 mestre de Educación Primaria.

1 mestra especialista en Audición e Linguaxe.

Funcionario en prácticas: 1

1 mestra de Educación Infantil (provisional)

Persoal itinerante que incide no centro educativo pero non é o seu centro base: 2

1 Orientadora.

1 Mestra de relixión católica.

Persoal Non Docente.

1 persoa de limpeza.

1 cociñeiro.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro

• *Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro*

Situación xeográfica

O CEIP de Sarreaus, ubicado no Concello de Sarreaus, que lle dá o nome, posúe unha superficie de 75 Km². A capital municipal, Sarreaus, dista 52 km. de Ourense, 11 km. de Xinzo de Limia e 22 km. de Verín.

Territorio marcado polos contrastes topográficos existentes, froito da súa situación nun lugar de encontro entre dous bloques; o primeiro, fundido pola depresión Limiá, que domina cara o oeste, e o segundo, erguido cara o este, configurando as Terras de Laza. Os vales dos ríos Freixo e Padroso – fontes do río Limia-, actúan como nexos de unión.

Situado na parte setentrional da provincia ourensá, dispón dun medio de comunicación directo con Madrid, co paso da autovía das Rías Baixas polo límite das súas terras. Ó mesmo tempo, a súa proximidade ó norte luso, permite o contacto socioeconómico con cidades como Montealegre (5 km.) e Chaves (50 Km.).

Xeografía física

O nome do concello provén do latín *sarrío* ou *sario*, equivalente do galego *sarrío*, referente ós terreos formados por aluviós fluviais posteriormente endurecidos.

Destaca un releve ondulado no sector oriental, con cotas que superan os 900 m. e aplanado no occidental, inferior ós 700 m. Estes contrastes van a determinar a localización dos núcleos de poboación. A densidade poboacional do concello sofre un dos seus peores momentos; inferior á media autonómica e propia do rural interior, posúe unha media de 18,62 hab/km².

Sarreaus abrangue 9 parroquias, conformadas nun total de 22 aldeas, entre as que se inclúe o núcleo de Couso, adicado integramente a turismo rural.

A disposición parroquial do concello confórmase na seguinte estrutura : Bresmaus – Portela da Quinta, Pazos-, Codosedo – Ameá, Veredo-, Cortegada – Meilás, Folgoso,

Penedo-, Freixo – Freande-, Lodoselo, Nocelo da Pena, Paradiña – Vilariño Frío-, Peregrellos e Sarreaus – Saas, Tarrazo, Padroso-. Eclesiásticamente está incluído na diocese de Ourense.

Os núcleos de poboación, están próximos entre sí. Non obstante, no ámbito rural a dispersión é a tónica dominante, aínda que progresivamente a tendencia vaíse invertendo.

Características da poboación.

As terras de Sarreaus durante todo este século foron sufrindo unha paulatina perda de poboación debido a múltiples causas e circunstancias que marcaron tanto a historia local como autonómica. Así o amosan os seguintes datos da *evolución demográfica*:


Características Socio Educativas

Non debe esquecerse nunca que un dos índices máis fiables do desenvolvemento dun pobo vén dado pola situación educativa dos seus conveciños e conveciñas. Xa centrándose na formación dos habitantes de Sarreaus a tódolos niveis educativos, cómpre afirmar que o Concello sitúase nun nivel de instrución baixo en canto á poboación máis nova, sendo inferior nos intervalos de máis idade, seguindo a evolución normal que se da nos contextos máis próximos.

Cabe dicir que a oferta educativa nestes intres está ser amplamente cuberta e ben distribuída en postos escolares de ensino básico, incluso existen prazas vacantes. Os nenos para acudir a primaria, non teñen que facer grandes desprazamentos, xa que a distribución está trazada en función de áreas xeográficas. Así pois, a poboación infantil das parroquias de Cortegada e Codosedo acuden ó CEIP de Vilar de Barrio, pertencente ó devandito municipio; os restantes ó CEIP de Sarreaus.

Certifícase que o nivel educativo dos cidadáns de Sarreaus é baixo, aínda que non consten explicitados os estudos universitarios. Isto é consecuencia de determinadas variables xeracionais, circunstanciais, temporais, sociais, económicas e históricas.

Gráfico de Poboación en función dos diferentes sectores económicos



• *Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro.*

Contribución do PD ao Proxecto Educativo.

Entre os diferentes fines presentes no PE do centro, o Plan Dixital de Centro fomentará:

- Conquerir unha educación máis integral cara aos nenos e nenas na era dixital.
- Introducir ao centro educativo nun contexto de educación dixital híbrida.
- Motivar o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para convertilas en tecnoloxías do aprendizaxe e a comunicación.
- Traballar de forma interdisciplinarias todas as áreas dos currículos e en coordinación de todo o profesorado que incide no centro educativo.
- Fomentar o emprego de tecnoloxías libres a prol dunha maior autonomía.
- Potenciar unha axeitada educación crítica ante os diversos contextos dixitais.
- Desenvolver actitudes non sexistas orientadas a igualdade de oportunidades das persoas no ámbito dixital.
- Desenvolver con espírito crítico as competencias dixitais en prol dunha maior análise da mesma.
- Igualdade de oportunidades para toda a comunidade educativa no ámbito das tecnoloxías de comunicación.
- Adaptar a realidade actual dixital ao contexto de todas a comunidade educativa.

Relación da PD con outros plans e proxectos do centro educativo:

Proxecto lingüístico. Plan de potenciación da lingua galega. Na medida das posibilidades coas que conta o centro educativo promoverase o uso da lingua galega nos diversos obxectivos proposto no plan de acción, así deste xeito, todas as comunicación a través das diversas plataformas do centro educativo levarase a cabo no idioma galego. Ditas actuacións concretaranse na addenda do Proxecto Lingüístico na PXA do curso 2022- 2023.

Proxecto Lector de centro. Na medida das posibilidades coas que conta o centro educativo promoverase o emprego de dispositivos dixitais para a lectura enmarcada dentro dos **Planes Anuais de Lectura (PAL)** e que serán concretados na PXA do curso 2022- 2023.

Do mesmo xeito, establécese a implementación na **Biblioteca Escolar** do centro educativo a posibilidade de comezar de novo a facer a catalogación dixital do fondo de libros existentes, así como o empréstimo informatizado, unha vez estea feita a catalogación dixital.

Outros plans e proxectos do centro educativo. Ata o día de hoxe o centro educativo no está presente noutros plan ou proxectos ofertados pola Consellería de Educación, debido a escasez de persoal e a carga excesiva de funcións. Independentemente desta casuística, poráse énfase de adecuar o Plan Dixital do Centro a que en futuras convocatorias, será implementado.

● **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23**

Realizarase unha addenda na Programación Xeral Anual, ao principio do curso académico 2022- 2023, en función do persoal docente que incida no curso académico. Así nela, estableceráanse as pautas de actuación en prol da consecución dos obxectivos plantexados no Plan de Acción deste PDC.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Proxecto Dixital de Centro é elaborado seguindo a normativa vixente no momento da súa realización. Dita normativa é:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación (LOMLOE)
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

MEMBROS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DO PLAN DIXITAL
Borrajo Cerredelo, Laura
Damota Bermúdez, Dunia
Pérez Barreiros, M ^a José
Teijeiro Martínez, Nerea

A realización do Proxecto Dixital do Centro Ceip Sarreaus, foi levado a cabo polo equipo de Dinamización Dixital (cadro equipo) Dito equipo de Dinamización

Dixital realizou a formación de Deseño e desenvolvemento do Plan Dixital de Centro, enmarcado no PFPP 02131097. Así deste xeito leváronse a cabo diferentes formacións presenciais, telemáticas e maiores das reunións propias do equipo. O seu desenvolvemento levouse a cabo da seguinte maneira:

- 18/11/2021 Presentación dos membros e do coordinador Adix. Presentación da plataforma SELFIE, cuestionarios e metodoloxía de traballo para a realización do Plan Dixital de Centro.
- 09/12/2021. Selección e elaboración das preguntas personalizadas para a elaboración do cuestionario SELFIE e remisión dos enlaces aos membros do Equipo de Dinamización do PD.
- 16/12/2021. Informe SELFIE. Recopilación dos datos extraídos do informe SELFIE e a realización do mesmo.
- 03/03/2022. Docencia. Informe de seguimento. Test CDD DAFO
- 24/03/2022. Análise individualizada dos resultados do CDD e o informe SELFIE e posta en común do equipo orientado a elaboración do DAFO (Destrezas, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades)
- 31/03/2022. Revisión do SHERPA, análise cuantitativa, análise cualitativa e o modelo dos 3 Porqués para a elaboración do DAFO (Destrezas, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades)
- 07/04/2022. Docencia co coordinador Adix
- 19/04/2022. Presentación do plan de acción. Especificacións para a concreción dos obxectivos.
- 28/04/2022. Redacción e xustificación dos obxectivos e selección dos máis axeitados
- 12/05/2022. Redacción do documento final a cumprir para o vindeiro curso e envío ao asesor.
- 19/05/2022. Levar a cabo as modificacións requiridas polo asesor e volver a enviar.
- 26/05/2022. Desenvolvemento dos últimos puntos. Estrutura tecnolóxica do centro e avaliación.
- 31/05/2022. Memoria. Materiais e últimos retoques.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

INFRAESTRUCTURA DIXITAL DO CENTRO:

Infraestrutura de datos. Conectividade wifi e en rede a través dos servizos ofertados pola Consellería de Educación.

Infraestrutura de voz. 1 liña telefónica.

EQUIPAMENTO DIXITAL DO CENTRO:

Despacho de dirección: 1 ordenador de sobremesa, unha impresora multifunción.

Sala de mestres: 1 ordenador de sobremesa, impresora multifunción e fotocopiadora.

Aula de educación infantil: 1 ordenador de sobremesa, canón de proxección e lousa dixital.

Aula de educación primaria: 1 ordenador portátil, canón de proxección e lousa dixital.

Aula de novas tecnoloxías: 7 ordenadores de sobremesa.

Aula de audición e linguaxe: 1 ordenador portátil, canón de proxección e lousa dixital.

Biblioteca escolar: 1 ordenador de sobremesa, 1 impresora de cor a tinta, 1 escáner, 1 lector códigos e canón de proxección. A día de hoxe non existe ningún sistema de xestión informática da biblioteca do centro educativo (derivado dos problemas eléctricos que aconteceron aos inicio do curso 2021/ 2022)

Outra dotación tecnolóxica: 7 tablets e 4 ordenadores portátiles.

SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS:

Páxina web centro educativo: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsarreaus/>

Aula virtual do centro educativo:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsarreaus/aulavirtual/>

Servizo Abalar: <https://www.edu.xunta.gal/abalar/InicioAbalar.do>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

• Autoavaliación SELFIE:

ÁREAS	GRUPOS	ENSINANZAS
		Primaria
A. Liderado	👤 Equipo Directivo	4
	👤 Profesorado	3.8
	👤 Alumnado	
B. Colaboración e redes	👤 Equipo Directivo	3.7
	👤 Profesorado	3.8
	👤 Alumnado	4.3
C. Infraestruturas e equipos	👤 Equipo Directivo	3.7
	👤 Profesorado	3.1
	👤 Alumnado	4.9
D. Desenvolvemento profesional continuo	👤 Equipo Directivo	3.7
	👤 Profesorado	3.5
	👤 Alumnado	
E. Pedagogía: Apoios e recursos	👤 Equipo Directivo	4
	👤 Profesorado	4.6
	👤 Alumnado	
F. Pedagogía: Implementación na aula	👤 Equipo Directivo	3.6
	👤 Profesorado	4.6
	👤 Alumnado	4.7
G. Prácticas de avaliación	👤 Equipo Directivo	3
	👤 Profesorado	3.5
	👤 Alumnado	
H. Competencias dixitais do alumnado	👤 Equipo Directivo	3.2
	👤 Profesorado	3.1
	👤 Alumnado	4.6

- **Test CDD:**

Participación segundo perfil do profesorado (Táboa 1.3. do informe grupal do Test CDD)

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% participación
DEFINITIVO	0	0	0
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	3	3	100%
SUBSTITUTO	0	0	0
DESPRAZADO	0	0	0

Puntuación e nivel de competencia do centro (Táboa 2.1. do informe grupal do Test CDD)

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
118	Experto/a (B2)	76.4	Integrador (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas (Táboa 2.2. do informe grupal do Test CDD)

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
E.I.	121.3	Experto/a (B2)	68.2	Integrador/a (B1)
E.P.	103.3	Experto/a (B2)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis (Táboa 2.3. do informe grupal do Test CDD)

	Total profesorado no nivel de competencia	% profesorado participante neste nivel
A1		
A2		
B1	1	25%
B2	2	50%
C1		
C2	1	25%

TOTAL	4	100%
-------	---	------

- Outras fontes empregadas para a elaboración do informe DAFO**

Unha vez realizado e extraído do informe SELFIE os datos amosados, o equipo dixital empregou ademáis as seguintes fontes para a súa elaboración:

- SHERPA
- Análise cuantitativa.
- Análise cualitativa.
- Modelo do 3 Porqués.

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Infraestructuras e equipos Desenvolvemento profesional e continuo Pedagogía: apoios e recursos. Práctica de avaliación. Competencias dixitais do alumnado.	Liderazgo Colaboración e redes. Infraestructura. Prácticas de avaliación. Competencias dixitais do alumnado.

	<p>PERSOAL DOCENTE</p>	<p>O equipo docente amosa unha coordinación axeitada ás características da avaliación en relación á retroalimentación. Disposición favorable para a realización de actualizacións de formación por parte do profesorado, incluídas as ofertadas pola administración educativa tanto no ámbito local, autonómico coma a nivel estatal.</p>	<p>Falta de organización temporal para a xestión das actividades de carácter virtual.</p> <p>Non se conta cunha boa organización dos recursos humanos posto que non hai un único docente a tempo completo que poida levar a cabo esta labor derivado da falta de persoal co que conta o centro educativo.</p> <p>Emprego dos recursos postos a disposición pola Consellería de Educación de forma xenérica e básica, derivados da súa complexidade.</p> <p>Escasa competencia dixital debido a carga de traballo noutros ámbitos da práctica docente.</p> <p>Emprego secundario das habilidades dixitais derivadas da falta de recursos humanos.</p> <p>Coñecementos básicos na resolución de problemas técnicos.</p>
	<p>PERSOAL NON DOCENTE</p>		

	ALUMNADO	<p>O alumnado amosa unha actitude de respecto e empatía en relacións aos traballos de aprendizaxe levados a cabo polos compañeiros/as e mestras do centro educativo.</p>	<p>Falta de recursos tecnolóxicos e formativos polos medios no ámbito rural.</p> <p>Falta de estratexias dixitais para a autoavaliación.</p> <p>Supervisión continua do profesorado debido a súa falta de autonomía nalgunha competencias dixitais básicas.</p> <p>Escasa formación e autonomía no emprego das novas tecnoloxías derivadas da comunicación.</p>
	FAMILIAS		<p>Falta de recursos tecnolóxicos e formativos polos medios no ámbito rural.</p> <p>Emprego simple de aplicación AbalarMóvil.</p> <p>Non se dispoñen de recursos suficientes para o seu acceso.</p> <p>Falta de recursos tecnolóxicos e formativos no ámbito rural.</p> <p>Non todas as familias dispoñen dos recursos básicos para a axuda do alumnado dentro do ámbito domiciliario</p>

	<p>OFERTA</p>	<p>Comunicación fluida cos respectivos estamentos da comunidade educativa.</p> <p>Empréganse diferentes modalidades de avaliación para dar un recoñecemento adecuado das competencias adquiridas.</p>	<p>Emprego de recursos postos a disposición pola Consellería de Educación, de forma xenérica e básica.</p> <p>Emprego xenérico nas diversas áreas de traballo derivados da falta de recursos humanos.</p> <p>Descoñecemento na programación e codificación de recursos dixitais.</p> <p>Coñecementos básicos para solventar dúbidas xerais para un funcionamento axeitado.</p>
--	---------------	---	--

	<p>ORGANIZACIÓN DE CENTO</p>	<p>Desenvolvemento de estratexias co profesorado.</p> <p>Normas acerca do dereitos de autor e licenzas de uso.</p> <p>Colaboracións.</p> <p>Sinerxias para o aprendizaxe mixto.</p> <p>Dispositivos dixitais para a ensinanza.</p> <p>Protección de datos.</p> <p>Espazos físicos.</p> <p>Participación no DPC.</p> <p>Comunicación coa comunidade educativa.</p> <p>Avaliación das capacidades.</p> <p>Retroalimentación axeitada.</p> <p>Otorgar recoñecemento ao traballo dos demais.</p>	<p>Novas modalidades de ensinanza.</p> <p>Avaliación do progreso.</p> <p>Biblioteca e repositorios en liña.</p> <p>Recursos educativos en liña.</p> <p>Autoreflexión sobre a aprendizaxe.</p> <p>Comentarios a outros alumnos/as sobre o traballo.</p> <p>Avaliación dixital.</p> <p>Documentación da aprendizaxe.</p> <p>Emprego de datos para mellorar a aprendizaxe.</p> <p>Comportamento seguro.</p> <p>Comportamento responsable.</p> <p>Verificación e calidade da información (curación de contidos)</p> <p>Creación de contidos dixitais.</p> <p>Aprender a comunicarse.</p> <p>Habilidades dixitais para diferentes materias.</p> <p>Codificación e programación.</p> <p>Resolución de problemas técnicos.</p>
--	------------------------------	--	---

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Desenvolvemento do PDC a través da formación ofertada pola Consellería de Educación cos fondos proporcionados pola Unión Europea.</p> <p>A autoavaliación constante das necesidades, carencias, dificultades e oportunidades que brindan recursos tecnolóxicos nesta era dixital.</p> <p>Actualización de equipos tecnolóxicos e informáticos e renovación.</p> <p>Oferta continua de experiencias doutros centros educativos ofertados pola Consellería de Educación e mais o Ministerio de Educación.</p> <p>Presencia de Recursos Educativos en Aberto (REA)</p>	<p>Dificultades de conectividade derivadas do medio rural.</p>
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA	<p>Dificultades derivadas do ámbito rural. Baixa formación e actualización en ferramentas dixitais por parte da contorna e familias do centro educativo.</p>	<p>Brecha dixital: apoio para abordar retos.</p> <p>Disponibilidade de dispositivos no ámbito familiar.</p> <p>Dificultades derivadas da falta de conexión dixital por pertencer a un medio rural.</p>

	ANPA		A representación da ANPA é meramente institucional debido ao número de alumnado matriculado no centro educativo
	OUTRAS ENTIDADES	Baixa oferta en formación informática por parte do Concello no que se atopa o centro.	

3. Plan de Acción

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo						
1. OBXECTIVO:	Formación docente nas competencias dixitais para o seu emprego no proceso de ensino- aprendizaxe				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Chegar a 2					
Valor de partida	0					
Valor previsto e data	2 cursos de formación			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Inscripción en cursos de mellora da competencia dixital.	Claustro	30/10/2022	Formulario inscrición e medios técnicos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Aplicación da formación ao contexto educativo do centro.	Claustro	Xuño 2023	Infraestructuras dixitais. Actividades propostas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Intercambio de coñecementos adquiridos entre o profesorado do centro educativo,	Claustro	Xuño 2023	Infraestructuras dixitais. Plataformas corporativas de intercambio.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Pedagogía: apoios e recursos						
2. OBXECTIVO:	Empregar o Aula Virtual coma recurso mediador no proceso de ensinanza- aprendizaxe.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinación TIC/ Titoría/ Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Recursos dixitais empregados no uso da Aula Virtual. Baixo (0,1, 2, 3, 4) Medio (5, 6) Alto (7, 8, 9, 10)					
Valor de partida	0					
Valor previsto e data	6 recursos dixitais empregados a través da aula virtual.			21/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Emprego e acceso á información para o proceso de aprendizaxe.	Coordinador TIC/ Titoría/ Claustro	1º trimestre 2022/ 2023	Dispoñibilidade horaria para o afrontamento da tarefa do profesorado implicado.Ordeadores e tablets. Boa conectividade de Internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Retroalimentación/ feedback no emprego da Aula Virtual.	Coordinador TIC/ Titoría/ Claustro	2º trimestre2022/ 2023	Dispoñibilidade horaria para o afrontamento da tarefa do profesorado implicado.Ordeadores e tablets. Boa conectividade de Internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Autoavaliación trimestral mediante os recursos da Aula Virtual.	Coordinador TIC/ Titoría/ Claustro	3º trimestre 2022/ 2023	Dispoñibilidade horaria para o afrontamento da tarefa do profesorado implicado.Ordeadores e tablets. Boa conectividade de Internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Competencias dixitais do alumnado							
3. OBXECTIVO:	Iniciar e guiar ao alumnado no emprego de ferramentas dixitais para a súa formación.					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do equipo de Tecnoloxías da Información e a comunicación/ Titoría					Non acadado	
INDICADOR/ES OBXECTIVO	DO	Actividades levadas a cabo co alumnado na formación do LibreOffice, realización tarefas a través do aula virtual e supervisión na navegación. Baixo (0,1, 2, 3, 4) Medio (5, 6) Alto (7, 8, 9, 10)					
Valor de partida	0						
Valor previsto e data	12 Actividades levadas no total dos descritores.				20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO3.1: Introducción ao paquete Libre Office.	Coordinación TIC/ Titoría	1º trimestre 2022/ 2023	Disponibilidade horaria para o afrontamento da tarefa por parte do profesorado implicado. Paquete LibreOffice. Ordeadores e tablets. Boa conectividade de Internet.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2: Manexo Aula Virtual para a realización de tarefas.	Coordinación TIC/ Titoría	3º trimestre 2022/ 2023	Disponibilidade horaria para o afrontamento da tarefa por parte do profesorado implicado. Paquete LibreOffice. Ordeadores e tablets. Boa conectividade de Internet.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.3: Acceso a redes para a busca e selección de contidos, así como o pensamento crítico ante a información presente.	Coordinación TIC/ Titoría	3º trimestre 2022/ 2023	Disponibilidade horaria para o afrontamento da tarefa do profesorado implicado. Ordeadores e tablets. Boa conectividade de Internet.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

1.1. 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

INFRAESTRUCTURA DIXITAL :

Infraestrutura de datos. Conectividade wifi e en rede a través dos servizos ofertados pola Consellería de Educación. Dita conectividade non está dispoñible en moitas dependencias do centro educativo. Debido ao aumento na matrícula de alumnado para o curso 2022/2023, considérase necesario que dita conectividade estea accesible na maioría das dependencias do centro educativo.

Infraestrutura de voz. 1 liña telefónica. Derivado da distancia entre a base telefónica e diversas estancias do centro, dita cobertura telefónica non é axeitada para poder desenvolver chamadas telefónicas que garantan a confidencialidade e protección das mesmas.

EQUIPAMENTO DIXITAL DO CENTRO:

Despacho de dirección: 1 ordenador de sobremesa, unha impresora multifunción.

O principal ordenador onde se realiza a xestión do centro educativo necesita dunha mellora ou cambio, a un procesador máis actual e axeitado para evitar perdas de tempo continuas nunha labor de xestión tan indispensable no centro educativo.

Sala de mestres: 1 ordenador de sobremesa, impresora multifunción e fotocopiadora branco/negro.

Imprescindible o aprovisionamento por parte da Consellería de Educación dunha fotocopiadora de cor posto que a impresora multifunción está de cotío estragándose, e non ten capacidade suficiente para afrontar os retos educativos actuais.

Aula de educación infantil: 1 ordenador de sobremesa, canón de proxección e lousa dixital.

Falta continua de conectividade á rede no aula de Educación Infantil o que repercute negativamente na aprendizaxe dixital, non podendo facer uso de recursos tecnolóxicos para a práctica docente.

Aula de educación primaria: 1 ordenador portátil, canón de proxección e lousa dixital.

Aula de novas tecnoloxías: 7 ordenadores de sobremesa.

Renovación e aumento derivado da súa antigüidade e ao aumento do alumnado matriculado no centro educativo. Lousa dixital para a realización de tarefas establecidas nos obxectivos do Plan de Acción.

Aula de audición e linguaxe: 1 ordenador portátil, canón de proxección e lousa dixital.

Biblioteca escolar: 1 ordenador de sobremesa, 1 impresora de cor a tinta, 1 escáner, 1 lector códigos e canón de proxección. A día de hoxe non existe ningún sistema de xestión informática da biblioteca do centro educativo (derivado dos problemas eléctricos que aconteceron aos inicio do curso 2021/2022.

PRIORITARIO. Dotación dos medios para poder realizar a xestión de biblioteca de forma dixitalizada co sistema KOHA, posto que non se conta con dita xestión dixital.

Outras dotación tecnolóxica: 7 tablets e 4 ordenadores portátiles.

Aumento do número de tablets derivados do aumento de matrícula no centro educativo.

4. Avaliación do plan

4.1 Seguimento do PD

Avaliación procesual

Establécese un mínimo **unha reunión trimestral** para o seguimento dos obxectivos establecidos no plan de acción. Nelas valorarase a execución das accións implementadas así como a valoración dos resultados obtidos e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e propostas de mellora.

Área de mellora: Desenvolvemento Profesional Continuo

Obxectivo 1 Formación docente nas Competencias Dixitais para o seu emprego no proceso de ensino- aprendizaxe

1º Trimestre

Ítem a valorar:

- Nº profesorado inscrito en cursos de formación
- Tipos de cursos inscritos
- Tempo empregado na realización dos cursos
- Medios técnicos/ dixitais empregados
- Dificultades amosadas na realización do curso
- Posible implementación no proceso de ensino- aprendizaxe

2º Trimestre e 3º Trimestre

Ítem a valorar:

- Tipos de recursos a empregar

- Tempo destinado a realización dos recursos
- Dificultades amosadas na realización dos recursos
- Supuxo unha sobrecarga de traballo a realización de recursos
- O profesorado implementou algún recurso no proceso de ensino- aprendizaxe
- Tipo de recurso implementado polo profesorado
- Resposta por parte do alumnado ante os novos recursos
- Impacto no proceso de ensino- aprendizaxe
- Existiu colaboración e retroalimentación no conxunto do profesorado

Área de mellora: Pedagogía: apoios e recursos

Obxectivo 2. Empregar a aula virtual coma recurso mediador no proceso de ensino- aprendizaxe

1º, 2º e 3º trimestre:

Ítems a valorar:

- *Implementouse información xeral na aula virtual*
- *Implementáronse actividades específicas na aula virtual*
- *Apareceu algunha dificultade para o acceso por parte do alumnado na aula virtual*
- *Que dificultades tivo o grupo de alumnos para o acceso a aula virtual*
- *O profesorado amosou dificultade para o acceso a aula virtual*
- *O profesorado inseriu no aula virtual recursos. Cantos.*
- *Tipos de recursos inseridos no aula virtual*
- *Cantos recursos se empregaron en cada unha das etapas (educación infantil/primaria)*

- *Que tipo de recursos se empregaron na etapa de educación infantil*
- *Que tipo de recursos se empregaron na etapa de educación primaria*
- *Empregouse a aula virtual para traballar as conmemoracións do calendario escolar*
- *Tipos de recursos para cada un dos niveis da educación primaria*
- *Empregouse a autoavaliación trimestral mediante recursos inseridos na aula virtual*

Área de mellora: Competencia Dixital do alumnado

Obxectivo 3. Iniciar e guiar ao alumnado no emprego de ferramentas dixitais para a súa formación.

1º e 2º trimestre

Items:

- *O profesorado encargado puido introducir ao alumnado no emprego do LibreOffice*
- *Que tipo de dificultades apareceron para a súa implementación*
- *Implementáronse actividades sinxelas na introdución do LibreOffice*
- *Iniciouse ao alumnado no emprego do LibreOffice*
- *O alumnado emprega de xeito autónomo as ferramentas esenciais do LibreOffice*
- *O alumnado é quen de traballar nun documento .odt*
- *O alumnado é quen de enviar arquivos .odt ao aula virtual*
- *O alumnado é capaz de manexar a aula virtual de maneira autónoma*

- *O profesorado e alumnado empregan a aula virtual para favorecer a retroalimentación*
- *O profesorado e alumnado empregan os foros da aula virtual para comunicarse*
- *O alumnado asimilou aspectos fundamentais sobre o manexo da aula virtual tales como entrega de tarefas a través dela*

3º trimestre:

Ítems:

- *O alumnado é quen de acceder á información contida na rede*
- *O alumnado é quen de seguir o proceso para a busca de información na rede*
- *O alumnado adquiriu capacidade crítica ante a información presente na rede*
- *O alumnado é quen de facer un uso seguro na navegación*
- *Empregouse como base “Navega con rumbo”*
- *O alumnado é consciente dos perigos existentes na información da rede*
- *Presentouse algunha dificultade no proceso*

AVALIACIÓN FINAL

Realizarase unha xuntanza final para valorar os procesos seguidos e se se conseguiron os tres obxectivos establecidos no Plan de Acción. Nela exporase por parte do equipo que incide no proceso unha valoración xeral do conxunto dos obxectivos, así como unha análise máis profunda sobre as dificultades atopadas e os logros conseguidos. Do mesmo xeito estableceráanse as liñas de actuación para o curso 2023 /2024.

Área de mellora: Desenvolvemento Profesional Continuo
Obxectivo 1 Formación docente nas Competencias Dixitais para o seu emprego no proceso de ensino- aprendizaxe

<i>Implicación do profesorado na súa formación</i>		
<i>Baixo (0, 1, 2, 3, 4)</i>	<i>Medio (5-6)</i>	<i>Alto (7, 8, 9, 10)</i>

Área de mellora: Pedagogía: apoios e recursos
Obxectivo 2. Empregar a aula virtual coma recurso mediador no proceso de ensino- aprendizaxe

Recursos dixitais empregados no Aula Virtual <i>(marcar o que corresponda)</i>	
0	
1	
2	
3	
4	
5	
6	
<i>Máis de 6</i>	

<i>Baixo (0, 1, 2, 3, 4)</i>	<i>Medio (5-6)</i>	<i>Alto (7, 8, 9, 10)</i>

Se o resultado é baixo, sinalar os motivos
.....

Área de mellora: Competencia Dixital do alumnado

Obxectivo 3. Iniciar e guiar ao alumnado no emprego de ferramentas dixitais para a súa formación.

Actividades levadas a cabo na iniciación do LibreOffice <i>(marcar o que corresponda)</i>	
0	
1	
2	
3	
4	
5	
6	
Máis de 6 (cantas)	

<i>Baixo (0, 1, 2, 3, 4)</i>	<i>Medio (5-6)</i>	<i>Alto (7, 8, 9, 10)</i>

Se o resultado é baixo, sinalar os motivos
.....

Realización de tarefas a través da Aula Virtual <i>(marcar o que corresponda)</i>	
0	
1	
2	
3	
4	
5	
6	
Máis de 6 (cantas)	

<i>Baixo (0, 1, 2, 3, 4)</i>	<i>Medio (5-6)</i>	<i>Alto (7, 8, 9, 10)</i>

Se o resultado é baixo, sinalar os motivos

.....

Tarefas realizadas na supervisión da rede <i>(marcar o que corresponda)</i>	
0	
1	
2	
3	
4	
5	
6	
<i>Máis de 6</i>	

<i>Baixo (0, 1, 2, 3, 4)</i>	<i>Medio (5-6)</i>	<i>Alto (7, 8, 9, 10)</i>

Se o resultado é baixo, sinalar os motivos

.....

Número total de actividades realizadas <i>(marcar o que corresponda)</i>		
<i>Baixo (0, 1, 2, 3, 4)</i>	<i>Medio (5-6)</i>	<i>Alto (7, 8, 9, 10)</i>

Se o resultado é baixo, sinalar os motivos

.....

4.2. Propostas de mellora

Valoración final:		
	Si	Non
Acadáronse os obxectivos?		
Obxectivo 1		
Obxectivo 2		
Obxectivo 3		
Dificultades atopadas		
Propostas de mellora		
Outros		

5. Difusión do plan

Estratexias de difusión do Plan Dixital do Centro entre a comunidade educativa

- Publicación online na páxina web do centro educativo
- Publicación na aula virtual do centro educativo
- Presentación na reunión de inicio de curso a toda a comunidade educativa
- Posto a disposición en formato papel (previa correspondente solicitude a dirección do centro) a comunidade educativa